


## LIBROS/LIVROS



**SARMIENTO, Martín (2008 – 2022):** *De historia natural y de todo género de erudición: obra de 660 pliegos.* Edición de Henrique Monteagudo; transcripción, Belén Fortes, Antón Lado, Raquel López (et al.). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas; cinco volumes: T. I, 450 pp.; T. II, 465 pp.; T. III, 264 pp.; T. IV, 417 pp. e T. V, 470 pp. Obra total: 2060 pp. ISBN: 8400086848 et al.

Coa edición en 2022 do tomo V vén de finalizarse a edición da *Obra de 660 pliegos* do Padre Martín Sarmiento, da que coñeciamos fragmentos diversos, sen ter ata o presente a súa completa edición. A *Obra* permanecía manuscrita en varias copias e en varios depósitos arquivísticos; *Obra* que o Padre Sarmiento escribira ao

longo dos anos de 1762 a 1766, e da que por fortuna se fixo en 1772, como no caso doutros textos del, unha copia para o uso do Duque de Medina Sidonia, baixo o coitado do seu secretario Petrus Alonso de Salanoba y Guilarte.

**Antecedentes de edición.** Nos antecedentes próximos do coñecemento e da recuperación desta figura debemos anotar que foron, en particular, os profesores José F. Filgueira Valverde e, sobre todo, José Luís Pensado Tomé, quen máis contribuíron a traer ao presente de hai xa cincuenta anos a figura do Padre Sarmiento, por medio das edicións, realizadas por Pensado a través Universidade de Salamanca e de Galaxia, e por medio da atención dada desde os *Cuadernos de Estudios Gallegos*, por parte de Filgueira.

O exercicio da presidencia do Consello da Cultura Galega por parte do profesor Filgueira a fins do século XX sería a ocasión para conmemorar en 1995 desde esta Institución o III centenario do nacemento de Sarmiento (1695), ocasión preciosa para o fortalecemento das investigacións, publicacións de textos e achegas arredor desta figura. De camiño, en 2002, dedicóuselle o Día das Letras Galegas, o que veu de novo a intensificar os estudos e as publicacións, mediante a recuperación e edición de textos sarmentinos e a elaboración de textos de estudo e de difusión de abondosos textos do autor. Un lugar singular nisto correspondeu, igualmente, ao profesor José Santos Puerto, o seu grande estudoso no tempo actual, quen en 2002 deu á luz, coa contribución da Fundación Barrié de la Maza, unha esixente mirada global (desenvolvida ao longo de case 1000 pp. en dous tomos) sobre a figura do grande polígrafo en *Martín Sarmiento:*

*Ilustración, Educación y Utopía en la España del siglo XVIII.*

As profesoras Pilar Allegue Agüete e María Álvarez Lires, e o profesor Henrique Monteagudo viñan sumarse ao círculo de investigadores e difusores sobre a figura que nos centra, e entre tanto, a referencia ao Padre Sarmiento, presente desde 1944 na denominación do Instituto de Estudos Gallegos (encomendado ao CSIC), aparecía en 1997 na posta en marcha da publicación académica do profesorado ligado á Historia da Educación nas tres universidades de Galicia co título de *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* (actualmente. *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*), ao tomar en consideración o significado dos textos e reflexións de carácter educativo do Padre Sarmiento, que reivindicaba unha educación nova é axeitada para a infancia e a xuventude de Galicia, o que igualmente motivou que o padroado da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago estea encomendado desde 1999 á figura do Padre Sarmiento.

**A obra dun polígrafo e dun polímata.** Como é coñecido, o Padre Sarmiento, nado en Vilafranca do Berzo (na Galicia extremeira e antropologicamente galega), logo de criarse na “boa vila” de Pontevedra, onde adquire as primeiras letras e o dominio do latín, xunto a outros saberes literarios e matemáticos da man dos xesuítas, pasa a incorporarse en 1710 no mosteiro beneditino de San Martín de Madrid, onde desde o primeiro momento aprecian nel ás súas inxedanzas e capacidades intelectuais e de formación erudita e unha especial curiosidade polo saber, abaneada entre o mundo clásico e as novidades

da Ilustración. Sarmiento irá consolidando a pertinente formación literaria, filosófica e teolóxica mediante varios modos e en varios mosteiros beneditinos (Madrid, Asturias, Navarra, Salamanca, Toledo), amosando de continuo un xenio singular, como tivo ocasión de escribir o Padre Feijóo á altura de 1730.

O seu crecente dominio de saberes, similar ao dos intelectuais monxes parisiños de Saint-Maur, abócano a ser un adiantado, isto é, un “ilustrado” (da “segunda Ilustración”, escribiu Álvarez Lires), que é consultado, ao solicitárselle distintos informes, desde a súa Congregación, desde o Palacio Real e por parte de varios destacados Ilustrados, españois uns, e outros pertencentes á sen fronteiras “república das letras”. Sarmiento chega a posuír un notabilísimo dominio da lingua latina e manifestarse con coñecemento da grega, con pleno dominio da castelá, da galega e da portuguesa, con perfecta comprensión da francesa e da italiana<sup>1</sup>.

Miles de volumes e de títulos de obras de diversas materias están ao seu alcance na relativa tranquilidade dos mosteiros e casas polas que transita a súa vida (inclusive os miles que indica que chega a reunir paulatinamente na súa ampla e excepcional celda monástica en San Martín, na que tamén dispoñía dun mobiliario de sillas e mesa, de armario para os seus estoxos científicos, e dalgunha maceta con plantas para o seu solaz e para a observación botánica e a herborización, todo

<sup>1</sup> Pode lerse un sintético e atento percorrido biográfico pola figura de Sarmiento en *Fraí Martín Sarmiento: Educación de la niñez y de la juventud (Textos)*. Edición a cargo de Antón Costa y María Álvarez Lires. Madrid: Biblioteca Nueva, 2002, pp. 19-122.

baixo a mirada do gato Mizaldini, que o acompañaba). Unha tranquilidade con algunha frecuencia intercalada coas visitas que recibe do exterior quen debía ser un fértil conversador, e coa correspondencia sostida con membros da república das letras. Correspondencia infelizmente perdida case toda. Newtoniano, empirista, conservador nalgúns aspectos morais, pero ao tempo avanzado noutros aspectos sociais e intensamente permeado por unha solidariedade comunitarista, que o distanciaba da aristocracia sostida só polo diñeiro e o poder no sentido máis vulgar.

Entre a moi ampla obra manuscrita, e agora en grande medida impresa e editada, de Pedro Joseph García Balboa (Padre Sarmiento, 1695-1772), que comprende textos de carácter filolóxico, de investigación literaria, históricos, matemáticos, xeométricos, físicos e de historia natural, entre algún outros, cabe salientar os seus textos de atención educativa, numerosos e case sempre dispersos, agás no seu *Tratado de la educación de la juventud* de 1768, onde se rexistra unha maior sistematización do conxunto da súa elaboración a este respecto, se ben algunhas das súas teses fundamentais aparecen presentes xa no seu texto de 1743: *Reflexiones literarias para (formar) una Biblioteca Real*.

**Semper scripsit.** Páxinas e páxinas escritas pola súa pluma, unha parte delas circulando entre xentes cultivadas “nas letras”, mais sen chegar aos prelos, agás a súa *Demostración apologetica en defensa del Padre Feijoo* de 1732, motivo de controversia, por parte de quen, porén, estivera ao coidado de case todos os tomos editados cos textos de Feijoo incluídos no *Teatro crítico universal* e nas *Cartas*

*eruditas y curiosas*, o que debeu ocasionar unha intensa correspondencia entre os dous intelectuais (amigos, monxes e galegos) e entre Oviedo e Madrid, infelizmente perdida. *Semper docuit, Semper legit, Semper scripsit* dixo del Anselmo de Aballe na súa honra funeraria. Esa escrita, ao non ser dirixida ao público lector de impresos, era realizada con plena liberdade intelectual, tanto no que expresaba como nos modos de expresión, cunha mestura singular de textos de rexistro culto con outros modos de escrita impregnada de coloquialidade expresiva, con frecuentes intercalacións para dar acollida a asuntos vivenciais, en medio de discursos que son manifestación da súa consciencia intelectual sobre un determinado asunto. No contexto da sobriedade expresiva xeral xorde aquí e aló o detalle de humor ou a expresión de desaprobación de algo.

Quizais ese singular modo, xunto ao seu serio xuízo crítico, dificultaba que os seus textos foran acollidos como impresos. Con todo, logo da súa morte comezarían a editarse unha parte deles, de primeiras no *Semanario Erudito* dirixido polo galego Antonio Valladares de Sotomayor en Madrid. Ao longo do XIX a súa figura sería escasamente recoñecida, mais ao longo do XX algo irían mudando as cousas, se ben a figura de Sarmiento si foi adquirindo un recoñecemento crecente ao longo dos últimos corenta anos, co aumento da edición dos seus textos, atinxentes como sinalamos a distintos campos do saber.

**Galicia e Pontevedra: sempre Galicia.** Galicia, as galegas e os galegos, a fortuna ou os infortunios do País, a súa economía, as oportunidades da poboación, os ‘dereitos’ dos galegos sobre esta Terra, os indesexables procedimentos coloniza-

dores e de usurpación, o esquecemento nuns casos e o menosprezo en moitos outros da lingua galega, a fermosura do mundo natural e a súa diversidade extrema...ocupan páxinas numerosas na pluma de Sarmiento. Moi dolorosa debeu ser a súa separación de Pontevedra en 1710 ao ingresar no noviciado en Madrid e moi felices os retornos, tantos anos despois, en 1745 e en 1754, con prolongación a case todo o ano de 1756. Retornos que Sarmiento emprega para o estudo da historia de Galicia, para a investigación preferentemente nos arquivos de varios dos mosteiros beneditinos, para descubrir e recorrer a xeografía costeira desde Ortegá ata a desembocadura do Miño, para recoller pequenos minerais, cunchas e follas, para falar coas xentes, cos maiores e tamén cos nenos, coas mulleres...sempre preguntando, de todo, e sempre escoitando falares e *cantiñas*, un mundo!!...e sempre escribindo e tomando notas, coas que logo desenvolver o seu labor de escrita.

**A preocupación educativa en Sarmiento.** Escribiu Sarmiento non poucas páxinas no ámbito da educación, facéndoo desde ás súas propias vivencias (tanto como alumno, como por ter exercido como profesor en distintos intres) e tamén acompañado de sabias lecturas neste ámbito: as de Comenio, coa *lanua linguarum reserata* de 1631, as de Fenelon sobre a educación feminina (1681), as de Locke, cos seus *Pensamentos sobre a Educación* de 1693, e con toda probabilidade, as de Rollin, co seu *Traité des Études*, as de Martinho de Mendonça sobre *Apontamentos para a educação dum menino nobre* de 1734 e as do Verdadeiro *método de estudar* de Luís A. de Verney, o Barbadinho, xa na edición de 1746.

En 2002 establecemos un posible *corpus* destes seus escritos, parcialmente ou por enteiro atinxentes ás cuestión educativas e de formación, que cremos é suficientemente adecuado, comprendendo: as *Reflexiones literarias*, xa aludidas (1743), os *Privilegios góticos del rey Ordoño II* (1752), a *Carta sobre la educación de Alonsoño* (1758). A *Digresión sobre la educación de la juventud española* (un segmento, con título facticio da *Obra de 660 pliegos*) de 1764, os *Elementos etimológicos según el método de Euclides* (1766), o *Tratado de educación de la juventud* (1768), o *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1769), *Sobre el método de estudios de San Isidro de Madrid* (1769) y el *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las lenguas vulgares* (1770). Escritos que atenden con algunha frecuencia tamén a outros ámbitos do coñecemento. Os profesores Pensado Tomé, Santos Puerto e María Angeles Galino, a quen se viñeron sumar logo, en particular, María A. Lires, Antón Costa e Henrique Monteagudo interviron de distinto modo na actual edición impresa destes textos.

**Obra de 660 pliegos.** Logo de varios anos de traballo e de transcripción crítica de textos iniciados en 2002, coa intervención dun equipo investigador interdisciplinar, baixo o monitoreo do profesor Henrique Monteagudo, dispoñemos da edición sistematizada do conxunto da *Obra de 660 pliegos*, abreviatura do longo título que recibiu na transcripción de 1772 desde o seu orixinal.<sup>2</sup> A moi parcial edición anterior de

<sup>2</sup> Ademais da edición impresa é posible cceder á edición dixital en <http://consellodacultura.gal/libros-coleccion.php?coleccion=Obras%20de%20Mart%EDn%20Sarmiento>

fragmentos relativamente breves, transcritos desde as varias coleccións existentes, en ocasións sen o adecuado rigor textual, viña sendo motivo de existencia de puntos escuros sobre os textos e a escrita de Sarmiento, que agora podemos superar.

Desde o punto de vista formal e de edición compre referir a existencia dunha Introducción no T.I para unha presentación do conxunto dos cinco volumes editados e das coordenadas que permiten entender a elaboración de texto tan extenso ('colossal', dise con evidente razón), e por veces prolixo ou de tumultuosa escrita. Faise notar que carecemos do documento orixinal, se ben por fortuna púidose copiar entre 1772 e 1778 en dezaoto tomos un amplo conxunto de textos escritos por Sarmiento, que coñecemos como Colección Medina Sidonia (quinze destes tomos consérvanse actualmente na Casa ducal de Sanlúcar de Barrameda, por mor dos coidados de Pedro de Alcántara Pérez de Guzman, XIX duque de Medina Sidonia, amigo e admirador de Sarmiento, e tres no Museo de Pontevedra), correspondendo os tomos XIII a XVII inclusive á *Obra* que comentamos; foi a partir desta colección que se levaron a cabo outras copias completas, a Colección Francisco Dávila e a de Juan Francisco de los Heros, que se conservan respectivamente na Biblioteca Nacional de España e na da Real Academia de Historia.

Saliéntase, así mesmo, o carácter erudito e misceláneo da *Obra*; o seu moi frecuente uso de fontes literarias clásicas, antigas, medievais ou posteriores, con uso da lingua latina, que na presente edición aparecen tratadas cun coidado aparato crítico; o encadeamento aleatorio de asuntos e de fortuitas asociacións; a "sólida familiaridade de Sarmiento co saber

científico e cos riquísimos arquivos benedictinos" (p. 22); a ambición enciclopédica e non tanto a especialización que pronto caracterizará aos ilustrados posteriores.

Alén dos textos específicos que acompañen a *Obra*, do aparato crítico que a acompaña e desta Introducción, cada un dos tomos contén oportunos e didácticos Índices ('de lo más notable tratado'), unha taboa de contidos, así como selectas e limpas reproducións gráficas de portadas, ou doutras páxinas, de libros correspondentes a autorías internacionais e hispanas do tempo da Modernidade, tamén indicadas noutros tantos índices e láminas (algo máis de 200 en total).

Entre os asuntos tratados (sen referirnos agora a educación) indicamos os seguintes para o T. I: a cuestión do aforamento de terras pertencentes aos mosteiros benedictinos en Galicia, a problemática histórica e social ocasionada, a produción de riqueza económica, as causas da despoboación, os usos comerciais, a crítica dos malos usos da medicina e dos saberes xurídicos, as causas da opresión dos sectores populares galegos ou a mineiría en Galicia. Parte destas cuestións están tamén presentes nos tomos II e III, onde, porén, é o tratamento e a descrición do medio natural é o que ocupa, con detalle, a maioría das páxinas: animais, pescados, mariscos, o reino mineral e a metalurxia, o comercio, a agricultura, o estudo da botánica ou o uso da lingua vulgar na botánica, en convivencia con cuestións astronómicas e de observación dos ceos, con cuestións matemáticas e xeométricas e de continuo con apuntes biográficos: o saber da experiencia.

No T. IV destaca o protagonismo concedido ás cuestións educativas, que e



extenden aos seus saberes xeográficos e ás súas indicacións didácticas sobre a descrición xeográfica de Galicia, o uso da pantómetra cronolóxica, as enfermidades infantís, diversos apuntamentos de historia literaria e lingüística, ou sobre o *Coloquio de Coplas Galegas*. E, por fin, no T. V, ademais de seguir co tratamento de asuntos educativos (ensinanza da escrita, didáctica da xeometría e da matemática), aínda aparecen referencias históricas de alcance vario.

#### **A educación na *Obra de 660 pliegos*.**

A cuestión está un algo episódicamente presente nos tomos I a III: a conveniencia e modos de compoñer libros de agricultura e e historia natural en lingua galega, así como as referencias á formación matemática, xeométrica, astronómica e etimolóxica, pero son moitas as páxinas dedicadas nos Tt. IV e V. Páxinas que se sosteñen sobre varios principios coñecidos: nada sensible se debe ensinar e aprender ao pé da letra e de memoria; a non ser excepcionalmente e por asunto de carácter moral, non debe haber nunca lugar para os castigos aos nenos e adolescentes por cuestión de estudo e de tarefas de aprendizaxe, e sempre, a formación debe iniciarse con referencia aos obxectos, a todo o perceptible, e nunca mediante o uso e palabras de conceptos abstractos.

Sobre esta base, esencial para a felicidade dun Estado, procede Sarmiento a realizar unha seria crítica ao modos tradicionais de educación, desenvolvida nos parágrafos 4486 a 4495; o contido destes parágrafos transcribunos a profesora M<sup>a</sup> Ángeles Galino a partir da colección Dávila, editándoos como parte do seu libro *Tres hombres y un problema: Feijóo, Sarmiento y Jovellanos* (1953), contidos que nós

mesmos retomamos (con algunha revisión formal) a través de Galino na presentación dos textos educativos sarmentinos que realizamos en 2002. No mesmo T. IV hai abondosas referencias á formación cronolóxica e xeográfica dos nenos; á educación a través das palabras e da etimoloxía, ou por medio das viaxes; á aprendizaxe da lectura e a escrita, coa conveniencia de utilización do folclore popular, con indicacións sobre o interese dun diccionario da lingua galega, o papel dos xogos e a necesidade de aprender desde a lingua galega; temáticas estas igualmente presentes no T. V, onde alude Sarmiento a como os nenos se instrúen entre si, ao cultivo das matemáticas naturais, ao modo de entender a escrita como debuxo, ou ao modo de levar a cabo a elaboración dun libro para o coñecemento da lingua galega.

Podemos 'sentilo' nas súas propias palabras:

Los niños todo lo andan, todo lo registran, todo lo quieren manosear y en especial si salen a esparcirse por los campos circunvecinos, en donde ven infinidad de objetos de la historia natural que no habían visto ni en su casa ni en la escuela, ni en el recinto de su pueblo. Por lo mismo qu admiran esos objetos, quisieran saber sus nombres y esa es la ocasión óptima de que se les digan y enseñen. Yo fío que jamás se les olvidarán. Esto se palpa en la tenacidad con que los niños se acuerdan de las frutas, flores, pajaritos, mariscos, animales y de toda planta o vegetable que les sirven para sus enredos y diversión. Y esto, con solo oír una vez los nombres vulgares. Para nada de lo dicho estudian cosa alguna de memoria, ni necesitan de castigo para que se les peguen a su memoria esos nombres. La memoria solo abraza aquello que naturalmente se le pega, no los pegotes que el artificio humano le quiere arrimar con el calzador del castigo y del estudiar de memoria (parágrafo 4799).

Chegados a este punto de observación, semella correcto indicar que a actual edición crítica e completa deste extenso texto parece non engadir elementos novos fundamentais ao que xa viñamos sabendo sobre o discurso educativo de Sarmiento (principios, preocupacións, tónica), mais ese discurso queda reforzado e enriquecido nos detalles, en particular, no relativo ás formulacións e recomendacións didácticas e metodolóxicas para alcanzar unha

adecuada formación científica (matemática, física e de historia natural) por parte dos escolares, partindo sempre dos sensíbles, da motivación e dos interrogantes de quen aprende. Sabia lección de quen foi e será sempre un educador adiantado.

Beizón para o equipo editorial e o Consello da Cultura Galega.

*Antón COSTA RICO*